

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 19 DE FEBREIRO DE 2015,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Proxecto de Lei de financiamento de formacións políticas e de fundacións e asociacións vinculadas.

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se regula a declaración de municipio turístico.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun resto da PO-221 que vai dende o p.q. 2 + 840, marxe esquerda, da actual PO-221 ata o entroncamento coa PO-226 no seu p.q. 5 + 310, marxe dereita, cunha lonxitude de 1.504 m, a prol do Concello de Moraña.
- Decreto polo que se dispón o cesamento de María Martínez Allegue como directora da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU)
- Decreto polo que se nomea director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU) a José Antonio Cerdeira Pérez.



ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza o texto do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e os concellos de Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Moaña, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño e Soutomaior para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Galicia na área de Vigo e os gastos plurianuais derivados do previsto no referido convenio, por importe de once millóns cincuenta e oito mil oitocentos trinta e cinco euros (11.058.835,00 euros).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autorizan as instalacións, se aproba o proxecto de execución e se declara a utilidade pública, en concreto, así como a compatibilidade cos dereitos mineiros, do parque eólico Tenzas do Aire, localizado nos concellos de Rodeiro e Lalín (Pontevedra) e promovido pola sociedade Renovables de San Martiño, S.L.(expediente IN661A 2011/7-4).
- Acordo polo que se autoriza a Resolución do Conselleiro de Economía e Industria de concesión dunha subvención directa, a través da Axencia Galega de Innovación, á fundación pública galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (Fundación Cesga) para cofinanciar a adquisición e instalación de equipamento científico-técnico, por importe de cento cincuenta mil cincocentos setenta e catro euros con dezasete céntimos (150.574,17 euros).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza o asinamento do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Manzaneda para a xestión do servizo de comedor escolar no CEIP de Manzaneda, polo importe máximo de quince mil douscentos noventa e cinco euros (15.295,00 euros).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproba o texto do proxecto de decreto polo que se crean o Rexistro e a Comisión Galega de laboratorios para a realización de ensaios de control de produtos alimenticios relacionados co consumo humano, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se aproban os prezos de referencia para a aplicación pola entidade xestora do Banco de Terras, para o ano 2015.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o impulso da biomasa e de medidas de eficiencia enerxética nos edificios administrativos e xudiciais da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a adhesión á campaña ‘Menores nin unha gota’ promovida pola Federación Española de Bebidas Espirituosas (FEBE)



A XUNTA APROBA O PROXECTO DE LEI QUE REFORMA O FINANCIAMENTO DOS PARTIDOS POLÍTICOS GALEGOS E PROHIBE AS DOAZÓNS PRIVADAS

- *A norma que cumpre co que vén manifestando a Xunta nos últimos anos e no que redundou o propio presidente no último debate de política xeral no Parlamento*
- *Estende a súa aplicación ás fundacións e asociacións vinculadas aos partidos e reforza as medidas de control das subvencións por parte do Consello de Contas*
- *Recolle unha serie de obrigas de publicidade e transparencia para facilitar o acceso da cidadanía á información relativa ao financiamento dos partidos políticos*

O Consello da Xunta deu luz verde ao proxecto de lei que reforma o financiamento dos partidos políticos galegos e lles prohíbe aceptar doazóns anónimas e de persoas xurídicas. Esta norma cumpre co que vén manifestando a Xunta nos últimos dous anos e no que redundou o propio presidente no último debate de política xeral no Parlamento de Galicia.

A nova lei limitase ás formacións políticas que participan nos procesos electorais a nivel autonómico e, como novidade, estendese ás fundacións e asociacións vinculadas a elas. Ademais, reforza as medidas de control das subvencións públicas aos partidos e outorga especial atención ao papel que desenvolve o Consello de Contas de Galicia.

Prohibidas as doazóns

Polo que respecta á regulación do financiamento público das formacións políticas con cargo aos orzamentos xerais da Xunta, inclúense tanto as subvencións para gastos electorais como para gastos de funcionamento.

Dentro dos primeiros, a principal novidade é a ampliación dos requisitos que deben reunir as formacións políticas para seren beneficiarias destas subvencións. Xa non basta con obter representación parlamentaria, senón que ademais compre non ter recibido doazóns de persoas xurídicas -con expresa mención ás procedentes de fundacións e asociacións vinculadas-, nin anónimas.

Neste apartado tamén destaca a ampliación das prohibicións para ser nomeado administrador/a electoral; a previsión de que as achegas de fondos para sufragar gastos electorais deben ser aboadas directamente polas persoas apostantes nas contas abertas para tal fin, e a inclusión dunha mención expresa ás funcións de control que desenvolve a Xunta Electoral de Galicia.

Respecto ás subvencións para gastos de funcionamento con cargo ás arcas públicas galegas, cómpre sinalar que a súa concesión non é imperativa senón que se configura como potestativa, en función do que dispoña para cada exercicio a correspondente Lei de orzamentos xerais.



Ao igual que ocorre coas subvencións para gastos electorais, tampouco se permitirán as doazóns anónimas nin de persoas xurídicas e incorpórase a exigencia de acreditación polas formacións políticas da adquisición polas persoas electas da condición plena de deputado/a e do exercicio efectivo do cargo para o que foron elixidas, así como de presentar unha memoria detallada e documentada dos gastos de funcionamento.

Fundacións e asociacións vinculadas

A regulación esténdese tamén ás fundacións e asociacións vinculadas ás formacións políticas, con especialidades que serán de aplicación ás subvencións outorgadas ás ditas entidades, tanto pola Administración xeral galega como polas entidades públicas instrumentais do sector público autonómico. Neste caso trátase de garantir a regularidade das doazóns que estas entidades poidan percibir de persoas xurídicas.

Control e fiscalización do Consello de Contas

Un dos aspectos que cobra especial atención no novo texto é o papel que se lle atribúe ao Consello de Contas para o control e a fiscalización da actividade económico-financiera das formacións políticas e das fundacións e asociacións vinculadas.

A este órgano atribúeselle o control da contabilidade electoral das formacións políticas e a fiscalización das subvencións outorgadas con cargo aos orzamentos da Xunta. Ademais recóllense previsións destinadas a evitar duplicidades e disfuncionalidades innecesarias, como a previsión de que tome en consideración, na súa función fiscalizadora, os informes emitidos polo Tribunal de Contas.

Maior publicidade e transparencia

Finalmente, no relativo á transparencia, o novo texto lexislativo recolle unha serie de obrigas de publicidade activa das subvencións outorgadas tanto a partidos como a fundacións e asociacións vinculadas. Con estas medidas preténdese facilitar o acceso da cidadanía á información relativa ao financiamento destes entes, en consonancia co carácter público das súas funcións e a importancia dos recursos públicos destinados ao seu financiamento.



A XUNTA APROBOU HOXE O NOVO DECRETO POLO QUE SE REGULA A DECLARACIÓN DE MUNICIPIOS TURÍSTICOS EN PROL DA CALIDADE E EXCELENCIA

- ***Este novo decreto engade novas exixencias co propósito de que a declaración de municipio turístico implique para o concello un compromiso real e efectivo dirixido a potenciar o sector turístico no seu termo municipal como área económica, social, cultural e de imaxe***
- ***Os municipios turísticos declarados con anterioridade que non reúnan os requisitos establecidos no novo decreto terán un prazo de catro anos para a súa adaptación***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de decreto que regulará a declaración de municipios turísticos de Galicia logo do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, recolle a declaración de municipios turísticos, e establece os requisitos mínimos que deberán cumprir os municipios galegos para seren declarados municipios turísticos.

Así mesmo, establece os servizos mínimos que, sen prexuízo dos exixidos pola lexislación de réxime local, deben prestar os municipios turísticos, así como os efectos que terá a súa declaración e os supostos en que pode perderse tal condición.

Este decreto ten por obxecto o desenvolvemento regulamentario dos citados preceptos da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, xa que regula os requisitos e servizos mínimos para obter a condición de municipio turístico, os elementos de valoración para a súa obtención, así como o procedemento, efectos e perda daquela.

Esta declaración estaba regulamentada no Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaración de festas de Galicia de interese turístico.

O novo decreto engade novas exixencias co propósito de que a declaración de municipio turístico implique para o concello un compromiso real e efectivo dirixido a potenciar o sector turístico no seu termo municipal como área económica, social, cultural e de imaxe.

Os municipios turísticos declarados con anterioridade á entrada en vigor do decreto manterán a súa declaración en canto cumpran cos requisitos e servizos mínimos establecidos no novo decreto. Para aqueles municipios turísticos declarados con anterioridade á súa entrada en vigor, que non reúnan os requisitos establecidos neste, establécese un prazo de catro anos para a súa adaptación. Respecto aos expedientes



en curso, tramitaranse e resolveranse conforme as disposicións vixentes no momento da súa iniciación.

Principais novidades

O dito proxecto de decreto endurece as condicións de acceso á declaración de municipio turístico en prol da calidade e excelencia dos municipios turísticos de Galicia.

Os requisitos e servizos mínimos que deben cumprir os concellos para que proceda a declaración continúan sendo que a poboación turística sexa superior ao 25% do número de veciños, que o número de prazas de aloxamento turístico e de prazas de segunda residencia sexa superior ao 50% do número de veciños e que acrediten contar, dentro do seu territorio, con algún recurso o servizo turístico susceptible de producir unha atracción turística que xere unha cantidade de visitantes cinco veces superior á súa poboación. Pero endurecéense estes requisitos ao requirirse a concorrencia de todos eles, é dicir, considéranse de xeito acumulativo e non alternativo.

Así mesmo, o novo decreto inclúe dous criterios excepcionais para os municipios que polas súas características presentan dificultades para cumprir con algúns dos criterios citados anteriormente. Tal é o caso dos municipios en que parte do seu centro urbano está declarado ben de interese cultural coa clasificación de conxunto histórico xa que a súa singularidade patrimonial constitúe un factor de atracción turística pero tal circunstancia condiciona o desenvolvemento de actividades no ámbito turístico, especialmente no que atinxe aos aloxamentos, limitando o seu crecemento no conxunto do centro urbano.

Ademais, na regulación vixente, a comisión de valoración tiña en conta a prestación de servizos mentres que no novo proxecto de decreto a prestación de determinados servizos mínimos configúrase como una exigencia para poder optar á declaración de municipio turístico e, polo tanto debe acreditarse mediante certificación municipal.

O procedemento, a diferenza da regulación actual, só poderá iniciarse por instancia do concello interesado. No decreto vixente era necesario o acordo do pleno do concello pero o procedemento podía iniciarse por petición dos propios concellos ou por iniciativa da Administración turística autonómica.

Polo que respecta á tramitación dos expedientes de declaración de municipio turístico, correspóndelle a Dirección de Turismo de Galicia. Deste xeito, asume as competencias do centro directivo competente en materia de turismo da regulación agora vixente. A proposta de resolución ditaraa a persoa titular da Dirección de Turismo de Galicia, a declaración e corresponde ao Consello da Xunta de Galicia, que o fará mediante acordo, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*. No decreto vixente, o



procedemento era iniciado pola delegación provincial da consellería competente en materia de turismo, que o elevaba ao centro directivo competente no que unha comisión de valoración -da que agora se prescinde- era a encargada de formular a proposta de resolución que a consellería competente en materia de turismo eleva ao Consello da Xunta.

Outra das principais novidades refírese á competencia para a revogación das declaracións que na lexislación vixente correspondía ao Consello da Xunta. No proxecto de decreto establécese a Dirección de Turismo de Galicia.



A XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE DUN TREITO DA ESTRADA CALDAS-CAMPO LAMEIRO (PO-221) A PROL DO CONCELLO DE MORAÑA

- ***A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia (DOG)***
- ***Corresponderanlle ao Concello de Moraña, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación dos terreos sobrantes, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o cambio de titularidade dun resto da estrada Caldas-Campo Lameiro (PO-221) que vai dende o p.q. 2+840, marxe esquerda da actual, ata o entroncamento coa estrada Cuntis-Porráns (PO-226), no seu p.q. 5+310, marxe dereita, a prol do Concello de Moraña.


A teor do previsto no artigo 9.4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos delas que estean incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.

A citada Lei de estradas dispón no artigo 9.7 que os cambios de titularidade poderán abranguer estradas, treitos delas, elementos funcionais e/ou espazos da zona de dominio público adxacente.

A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

Corresponderanlle ao Concello de Moraña, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación dos terreos sobrantes, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular dos terreos.





Comunicación da Xunta de Galicia
 San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
 Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41
 Correo-e: comunicacion@xunta.es



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
 DESENVOLVEMENTO REXIONAL
 "Unha maneira de facer Europa"
 FONDO SOCIAL EUROPEO
 "O FSE inviste no teu futuro"

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A JOSÉ ANTONIO CERDEIRA PÉREZ NOVO DIRECTOR DA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

- ***Cerdeira Pérez, licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, ten experiencia como responsable da área urbanística en varias administracións locais desde o ano 2000***
- ***O novo director da APLU substituirá no cargo a María Martínez Allegue, que ocupou o cargo dende o ano 2010 e cesa por petición propia***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou o decreto polo que se nomea a José Antonio Cerdeira Pérez novo director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, logo do cesamento por petición propia de María Martínez Allegue, quen ocupou este cargo na Consellería de Medio Ambiente, Territorio de Infraestruturas dende o ano 2010.

Cerdeira Pérez é licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela e na actualidade ocupaba o cargo de secretario xeral no Concello de Boborás, responsabilidade que tamén desempeñou no concello da Cañiza entre agosto de 2000 e abril de 2004. Tamén desempeñou tarefas de responsabilidade no consorcio contra os incendios e salvamento das comarcas do Carballiño e O Ribeiro e na mancomunidade de concellos do Carballiño, como interventor.

O novo director da APLU tamén conta con experiencia na área urbanística, grazas aos traballos de elaboración e aprobación do plan xeral de ordenación municipal da Cañiza e Boborás e a emisión de informes xurídicos en procedementos de tramitación de licenzas ou de disciplina urbanística. Tamén traballou como profesor da Academia Galega de Seguridade Pública impartindo cursos para policía locais en materia de disciplina urbanística.

José Antonio Cerdeira manterá os obxectivos principais, como evitar que se leven a cabo obras, instalacións e usos que contraveñan a normativa urbanística e colaborar activamente cos concellos de Galicia no obxectivo común de velar polo cumprimento da normativa e do planeamento urbanístico.

Ao mesmo tempo, continuará coa política territorial da Xunta baseada na disciplina urbanística e integrada nun contexto que se articula arredor de tres grandes liñas de actuación: a ordenación do territorio e o urbanismo, a protección da paisaxe e a reposición da legalidade urbanística.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA A POSTA EN MARCHA DO PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE VIGO

- ***Nas vindeiras semanas o Goberno galego asinará este documento cos rexedores municipais de Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Moaña, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño e Soutomaior***
- ***Os veciños da comarca, incluídos os de Vigo, beneficiaranse de descontos de ata o 50% nos seus desprazamentos interurbanos, con aforros de arredor dos 600 euros anuais***
- ***A Xunta de Galicia achegará máis do 80% do importe total necesario, un total de 9,2 millóns de euros, e os concellos da área o 20% restante, 1,86 millóns***
- ***O departamento galego tamén asume o 100% dos transbordos, a bonificación por recorrencia e os descontos para as familias numerosas***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o convenio de colaboración que permitirá a posta en marcha do Plan de transporte metropolitano da área de Vigo, que incorpora inicialmente doce concellos da área. Con este novo paso, o Goberno galego e os rexedores municipais dos concellos de Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Moaña, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño e Soutomaior poderán asinar nas vindeiras semanas este documento no que se recollen as obrigas e deberes de cada administración.

Unha das peculiaridades do plan de transporte metropolitano da área de Vigo é a inclusión dos distintos modos de transporte da área como o bus e o barco, fomentando a intermodalidade.

A Xunta de Galicia fixo un importante esforzo nos orzamentos de 2015, que incrementan a partida para os plans de transporte metropolitano nun 42,5% e só na área de Vigo achegaranse 9,2 millóns de euros no período 2015-2019 e os concellos, 1,86 millóns, o que supón un investimento total de máis de 11 millóns de euros no transporte público de Vigo.

A posta en marcha desta modalidade de transporte público supón importantes aforros económicos para os usuarios, duns 600 euros ao ano. Ao igual que nas áreas en que xa está en marcha esta iniciativa (A Coruña, Santiago, Ferrol e Lugo), a Xunta contribúe co 80% da bonificación no traxecto principal e os concellos co 20% restante. Ademais, a Administración galega contribúe coa bonificación dun 100% dos transbordos e cos descontos adicionais aos usuarios habituais, é dicir, por recorrencia, e ás familias numerosas, con descontos de entre un 20% a un 50% .


Grazas a esta iniciativa todos os veciños da área metropolitana, incluídos os da cidade de Vigo, verán mellorada a súa mobilidade, ao ter subvencionadas as tarifas de



transporte metropolitano con descontos de ata o 50% nos seus desprazamentos e con aforros de arredor dos 600 euros anuais.

A modo de exemplo, un veciño de Baiona que vaia a Vigo pasará de pagar 2,31€ a pagar 1,30€ coa tarxeta metropolitana. Se acumula máis de 40 viaxes no mes, benefíciase dun desconto adicional do 15% por recorrencia, co que aforraría uns 500 euros ao ano. Se é membro de familia numerosa especial, o aforro sería de case 800 euros ao ano.

Grazas ao sistema de billete único, por exemplo, un veciño de Moaña que regrese á súa casa desde Vigo, pagará o billete bonificado do barco e, unha vez na súa localidade, poderá coller sen custo adicional o autobús ata o seu domicilio.



Tarefas inmediatas

Os pasos seguintes que se deberán dar para a implantación efectiva do plan son as probas piloto para garantir o correcto funcionamento da tarxeta TMG, polo que se



abrirá un período de varias semanas en que se desenvolverán as probas piloto, co fin de comprobar o correcto funcionamento das máquinas canceladoras e do do sistema de facturación. Será un período para analizar posibles anomalías e corríxiranse, co fin de garantir un funcionamento pleno e sen erros no momento en que entre en vigor o plan.

Para que as tarxetas poidan operar nos servizos desta área, de acordo coas condicións que se recollen no convenio, é preciso realizar unha adaptación tecnolóxica das maquinas canceladoras-expendedoras instaladas nos autobuses, interurbanos e nos barcos.

Trátase dun proceso tecnoloxicamente avanzado no que interveñen diversas entidades:

- A Dirección Xeral de Mobilidade, xerando os mestres que deben cargarse nas máquinas canceladoras, garantindo así a correcta avaliación do custo da viaxe ás persoas usuarias.
- A entidade bancaria, que achega os módulos SAM que garanten a inviolabilidade das operacións de pagamento, así como as tarxetas que se empregarán nas probas piloto.
- As empresas operadoras de transporte, que colaboran na remisión da información, na coordinación do proceso de adaptación das máquinas canceladoras e no desenvolvemento das probas piloto.
- As empresas que desenvolven a tecnoloxía para as canceladoras, que están a realizar a adaptación das devanditas máquinas homologadas para que poidan operar na área de Vigo coas tarxetas incorporadas ao sistema.



A XUNTA AVANZA NO CONCURSO EÓLICO COA AUTORIZACIÓN DUN NOVO PARQUE NOS CONCELLOS DE RODEIRO E LALÍN CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 17 MILLÓNS

- ***O Eólico de Tenzas do Aire conta con catro aeroxeradores que suman 12 MW e producirán preto de 40.000 MW/h ao ano, o equivalente ao consumo anual de 10.000 fogares galegos***
- ***Trátase do décimo primeiro parque do concurso aprobado nos últimos meses, acadando un total de 254 MW e un investimento de preto de 354 millóns***
- ***A infraestrutura disporá de capacidade para superar as 3.200 horas equivalentes de vento anuais, un 30% máis que a media nacional***

O Consello da Xunta autorizou hoxe un novo parque do concurso galego, o Eólico de Tenzas do Aire, situado entre os concellos pontevedreses de Rodeiro e Lalín. A infraestrutura, que recolle un investimento de máis de 17 millóns, estará composta por catro aeroxeradores que, cunha potencia total de 12 MW, producirán preto de 40.000 MW/h ao ano, o equivalente ao consumo anual de case 10.000 fogares galegos.

A aprobación desta instalación, promovida por Renovables San Martiño, S.L. e con capacidade para superar as 3.200 horas equivalentes de vento anuais, un 30% máis que a media española, supón un novo avance na aposta estratéxica da Xunta de Galicia polo desenvolvemento desta enerxía, así como polo impulso do concurso eólico. Neste sentido, trátase do décimo primeiro parque do concurso aprobado no último ano, tras as autorizacións levadas a cabo no 2014 dos eólicos de Acibal, Mondingo, Faro, Cernego, Pico Seco, Friol, Paraño Oeste, Xinzo Norte, Chan do Eixo e Ourol, acadando un total de 254 MW e un investimento de máis de 354 millóns.

Deste xeito, a Consellería de Economía e Industria apoia un modelo de desenvolvemento da enerxía eólica orientado á recuperación do liderado do sector e á creación de emprego e riqueza para a sociedade. Así, a través dos plans industriais asociados, as empresas adxudicatarias do concurso eólico levan mobilizado 850 millóns e xerado 1.800 empregos directos, máis da metade dos comprometidos ata o 2020.

Neste contexto, o Goberno galego segue apostando polo impulso da enerxía eólica en Galicia, para o que ten activado no último ano distintas medidas fiscais, técnicas e financeiras consensuadas co sector de cara á dinamización e a posta en marcha de proxectos.



Así, aprobose a modificación da lei que permite trasladar a constitución do aval do momento da concesión administrativa ao do inicio da construción, o que supón un aforro medio de máis de 23.000 euros anuais por parque; estanse a impulsar as repotenciacións de parques, e facilítase a desistencia total ou parcial de MW, sempre que non se altere o resultado do concurso, co obxectivo de que os proxectos viables saian adiante.

Dentro desta estratexia, o Goberno galego ten moi en conta as administracións locais, de xeito que por medio do canon eólico se recadaron xa máis de 114 millóns de euros destinados aos municipios. Neste contexto, o novo proxecto suporá unha importante fonte de financiamento para os concellos de Rodeiro e Lalín, que poderán beneficiarse da recadación obtida do mencionado canon.



A XUNTA COMPLETA CUNHA NOVA DOTACIÓN TECNOLÓXICA UN INVESTIMENTO DE 4,5 MILLÓNS DE EUROS EN MENOS DUN ANO PARA MELLORAR A CAPACIDADE DO CESGA

- ***O Goberno galego participa no financiamento dos novos equipos de última xeración que lle permitirán ao Centro de Supercomputación de Galicia adaptar os seus servizos ás necesidades do tecido produtivo e investigador galego***
- ***A tecnoloxía adquirida acelerará os avances na investigación de novos fármacos e materiais, a ultrasecuenciación do xenoma e a reconstrución de imaxe médica de alta resolución, ademais de proxectos coa ESA e o CERN***
- ***O Cesga prestará mellores servizos para o aumento das capacidades científicas da comunidade investigadora e da competitividade das empresas galegas a través da innovación***
- ***En 2014 o centro prestou servizos a preto de 500 investigadores e máis de 70 pemes galegas, o que supón duplicar a súa colaboración empresarial***

A Xunta de Galicia segue a impulsar o labor do Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga) co obxectivo de aproveitar todas as súas potencialidades e dar resposta ás necesidades do tecido produtivo e investigador de Galicia. Neste sentido, o Goberno galego participará na adquisición de novos equipos de última xeración que lle permitirán ao centro adaptar os seus servizos aos requirimentos máis exixentes en materia de cálculo e comunicacións de altas prestacións, completando deste xeito un investimento de 4,5 millóns de euros en menos dun ano no reforzo da capacidade do Cesga. O acordo aprobado hoxe no Consello permitirá adquirir unha nova dotación tecnolóxica que contribuirá ao aumento das capacidades científicas da comunidade investigadora, así como á competitividade das empresas galegas, a través da innovación.

O novo equipamento, por valor de máis de 750.000 euros que achegarán de modo conxunto o Ministerio de Economía e Competitividade, a través de fondos Feder (600.000 euros), e a Consellería de Economía e Industria (máis de 150.000 euros), permitirá mellorar tres capacidades básicas do Cesga: a súa capacidade de computación para proxectos na nube tanto para investigación fundamental como para innovación empresarial; a súa capacidade para procesar cantidades inxentes de información (big data); e a mellora da visualización científico-técnica por parte dos clientes do Cesga que usan unha conexión remota co centro. Este último sistema é crítico para, por exemplo, permitir a enxeñaría galegas e pemes colaborar no deseño de grandes proxectos construtivos, en eidos como o naval.

O compromiso do Executivo galego co Cesga completouse ao longo do último ano con outras actuacións, como os novos equipos que permitiron actualizar a súa capacidade



de supercomputación virtual -cun apoio de 150.000 euros procedente da Axencia Galega de Innovación -Gain-.

Ademais, impulsouse a instalación do novo supercomputador Finis Terrae II, multiplicando a capacidade computacional do centro para adecualo ás necesidades actuais da comunidade científico-empresarial galega. O proxecto conta cun orzamento de 3,5 millóns de euros achegado polo Ministerio de Economía e Competitividade e pola Consellería de Economía e Industria.

O impulso da Xunta e o Goberno ao Cesga permite que o centro actúe como panca tecnolóxica para o tecido empresarial galego, contribuíndo á competitividade de numerosas pemes de eidos como o sanitario ou o enerxético. Así, durante 2014, o Cesga prestou servizos a máis de 70 pemes, duplicando a súa colaboración empresarial co respecto ao ano anterior. Tamén, neste senso, colabora con centros tecnolóxicos como Aimen, CTAG, Anfaco e Gradiant. Ademais, preto de 500 investigadores de universidades e centros de investigación fixeron uso dos recursos do centro, así como entidades como MeteoGalicia e Portos del Estado, que usan os servizos do Cesga para elaborar as súas predicións diarias.

Todos eles beneficiaranse do acordo autorizado hoxe polo Consello da Xunta, que permitirá adquirir uns equipos que permitirán acelerar os avances en proxectos de investigación aplicada nos que se están a utilizar as capacidades de cálculo e comunicacións do Cesga, como o desenvolvemento de novos fármacos e materiais, a ultrasecuenciación do xenoma e a reconstrución de imaxe médica de alta resolución, ademais de proxectos en que científicos galegos colaboran coa Axencia Espacial Europea (ESA) e a Organización Europea para a Investigación Nuclear (CERN).

Tres equipos punteiros

O primeiro equipamento que se adquirirá será infraestrutura *cloud* para aplicacións de computación de alta produtividade e proxectos de investigación que requiran de recursos na nube. Isto completarse cun sistema de alimentación ininterrompida que garantirá a continuidade da subministración eléctrica dos servidores aloxados no Cesga, co obxectivo de aumentar a eficiencia enerxética e a seguridade.

Tamén se incorporará un sistema de computación optimizado para proxectos BigData, é dicir, con capacidade para almacenar e explotar cantidades inxentes de información, unha necesidade moi ligada á multiplicación actual das fontes de datos. O sistema proporcionará unha capacidade de almacenamento total de 288.000 GB.

Finalmente, adquirírase un sistema de visualización remota para que os usuarios poidan conectarse de forma remota ao Cesga. Esta instalación será especialmente útil para as enxeñarías e pemes manufactureiras, que poderán visualizar as simulacións realizadas



nos computadores do centro de maneira amigable e sen necesidade de desprazarse, facilitando ademais a execución de proxectos en cooperación entre múltiples empresas.

O Cesga, única infraestrutura de cálculo e comunicacións de prestacións avanzadas de Galicia e recoñecido como Instalación Científico Tecnolóxica Singular polo Estado, leva máis de 20 anos prestando servizos avanzados no ámbito das TIC. Por este motivo, a actualización permanente dos seus equipamentos é imprescindible para adaptarse ás exigencias do mercado.



CULTURA E EDUCACIÓN AMPLÍA, CON MANZANEDA, A SÚA COLABORACIÓN COS CONCELLOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR, ATA CHEGAR AOS 2.512 USUARIOS BENEFICIADOS POR ESTA MODALIDADE

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á sinatura dun convenio con este Concello ourensán, que pasará a facerse cargo do comedor, ata o momento xestionado pola Consellería***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ampliará a súa colaboración cos concellos para a prestación do servizo de comedor escolar, grazas ao que 2.512 usuarios poden xantar en 37 centros educativos. Para iso, o Consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción dun novo convenio de colaboración entre a Consellería e o Concello de Manzaneda, do que se beneficiarán este curso 2014/15 e o 2015/16 un total de 23 usuarios, segundo a solicitude realizada polo Concello. Deste xeito, o goberno municipal pasará a xestionar este servizo, que ata o momento ofrecía o departamento educativo da Xunta de Galicia, tal e como demandaba a propia comunidade escolar.

No marco destes acordos de colaboración, a Consellería subvenciona os menús do comedor escolar. Pola súa banda, as entidades municipais comprométense á elaboración dos menús escolares, á repartición e recolla deles nas mesas do comedor, así como ao coidado e asistencia do alumnado durante as comidas. Neste momento, e antes de engadirse Manzaneda- existen convenios de colaboración para a prestación deste servizo cos concellos de Ames, Betanzos, Cangas, Ferrol, Gondomar, Mugardos, Muíños, Oroso e Santiago de Compostela. O importe total dos convenios subscrito ascende a 763.715,50 euros.

Con este tipo de acordos, o departamento que dirixe Román Rodríguez González reafirma o seu compromiso con este tipo de servizo complementario educativo. O número de usuarios de comedor escolar ascende este curso (incluíndo as prazas xestionadas por Xunta, Concellos e ANPA) a máis de 71.700 comensais, o que supón un incremento do 23,67% respecto das prazas que había no curso 2008/09. Cómpre lembrar, ademais, que o servizo de comedor escolar en Galicia, baseado na renda familiar, é un dos sistemas máis xustos e asequibles para as familias de todo o Estado español. De feito, o 85,81% dos comensais utilizan o comedor totalmente de balde ou pagando tan só un euro.



SANIDADE FACILITA OS TRÁMITES PARA O REXISTRO E A COMISIÓN GALEGA DE LABORATORIOS PARA A REALIZACIÓN DE ENSAIOS DE CONTROL DE PRODUTOS ALIMENTICIOS PARA CONSUMO HUMANO

- ***Rocío Mosquera informou do proxecto de decreto que facilita trámites administrativos como a autorización previa, que se substitúe por unha declaración responsable, ou a derogación da renovación obrigatoria cada tres anos***

A conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera, informou o Consello da Xunta do proxecto de decreto polo que se crea o Rexistro e a Comisión Galega de Laboratorios para a realización de ensaios de control de produtos alimenticios relacionados co consumo humano.

O Rexistro e a Comisión Galega de Laboratorios xa existen dende a aprobación do Decreto 14/2000, do 7 de xaneiro, modificado polo Decreto 264/2004, do 11 de novembro (en vigor ata a aprobación deste proxecto).

Neste decreto, que derroga a normativa anterior, suprímese o requisito da autorización previa, substituíndose por unha declaración responsable da persoa titular do laboratorio e, ademais, elimínase a renovación cada tres anos, quedando cunha autorización permanente.

O decreto regula a actividade, na Comunidade Autónoma de Galicia, a todas aquelas entidades, públicas ou privadas que pretendan realizar ensaios de produtos alimenticios con destino humano con vistas á comprobación do cumprimento dos programas de autocontrol das industrias, xa sexan propias ou alleas a ela e/ou ensaios de produtos alimenticios con destino humano con resultados válidos no marco do control oficial, co fin de previr os riscos que poidan supoñer para a saúde pública.

Así, os laboratorios onde se realicen ensaios de control de produtos alimenticios relacionados co consumo humano poderán inscribirse no Rexistro Galego de Laboratorios mediante a presentación do modelo de declaración responsable establecida no anexo do decreto e a documentación complementaria esixida. A presentación desta documentación non comportará actuacións adicionais por parte dos interesados, non sendo as derivadas da información declarada e a solicitude de cancelación da inscrición ao causar en baixa.

Marco normativo

Este decreto enmárcase na adaptación da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior e da Lei estatal 17/2009, de 23 do novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. Así mesmo, para dar o impulso necesario ao proceso de transposición, tamén se optou pola elaboración dunha única lei que modificase a normativa estatal de rango legal para adecuala aos principios da Lei 17/2009, como sucedeu coa Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.



A transposición da directiva citada tamén tivo reflexo no ordenamento autonómico mediante a Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, e as sucesivas normas regulamentarias autonómicas que abordaron modificacións sectoriais nesta materia.

Nesta mesma liña, a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, incide na posibilidade de que se solicite a declaración responsable ou comunicación previa para o desenvolvemento de actividades que poidan afectar a saúde e a Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, establece o principio de eficacia en todo o territorio estatal do acceso único a unha actividade.



O BANCO DE TERRAS DE GALICIA ACTUALIZA OS PREZOS DE REFERENCIA PARA O ARRENDAMENTO DE PREDIOS CO FIN DE SEGUIR FAVORECENDO A MOBILIDADE DE TERRAS NO 2015

- ***O Consello aprobou hoxe un acordo da Consellería do Medio Rural e do Mar pola que se establecen os prezos que servirán de referencia para as transaccións do Banco de Terras de Galicia para este ano***
- ***Este acordo adóptase con base na proposta aprobada, por unanimidade e de pleno acordo, pola Comisión Técnica de Prezos e Valores***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a actualización dos prezos de referencia para o arrendamento de predios do Banco de Terras de Galicia para o ano 2015, co fin de seguir favorecendo a mobilidade de terras. Deste xeito, o prezo mínimo anual por parcela mantense en 20 euros, mentres que para o conxunto de aproveitamentos diferentes dos forestais e pasteiros, o prezo medio é de 154 euros/hectáreas.

Así mesmo, quedan tamén actualizados os prezos para as parcelas de uso forestal e de pastoreo e mato arborizado. No ano 2012, tras a aprobación da Lei de montes e da Lei de mobilidade de terras, incorporáronse predios para este tipo de uso ao Banco de Terras de Galicia, co fin de darlle saída a esas novas parcelas e promover o uso forestal. Fixouse un prezo mínimo que, a día de hoxe, se decidiu actualizar co fin de adecuar os prezos á realidade do mercado e en igualdade de oferta. Deste xeito, as parcelas para usos forestais terán un prezo medio de 125 euros/hectárea, mentres que as fincas para pasteiro e mato arborizado terán un prezo de 80 euros por hectárea.

Este acordo adóptase con base na proposta aprobada, por unanimidade e de pleno acordo, pola Comisión Técnica de Prezos e Valores, na que están representados os sindicatos agrarios, a Federación Galega de Municipios e Provincias, a Dirección Xeral do Catastro, as cooperativas e distintos departamentos da Xunta de Galicia.

Con este acordo preténdese achegar paulatinamente os prezos dos predios xestionados polo banco aos valores de mercado. Estes prezos son os que o banco garante aos propietarios que incorporan os seus predios en caso de impagamento por parte dos arrendadores. Ademais, actualízase o catálogo de predios en arrendamento, a prezos xustos, co fin de aumentar o tamaño das explotacións.

Os prezos tipo de referencia e/ou garantía para a cesión de predios rústicos do Banco de Terras de Galicia en réxime de arrendamento ou concesión así como dos predios para usos forestais e pastoreo, estarán dispoñibles dende mañá na páxina web da Consellería do Medio Rural e do Mar (a través de Agader) ou no enlace temporal de sitegal.xunta.es.



A XUNTA REFORZA A APOSTA POLA BIOMASA NOS EDIFICIOS ADMINISTRATIVOS E XUDICIAIS DA NOSA COMUNIDADE

- ***Está previsto que no Complexo de San Caetano estea en funcionamento o primeiro trimestre do ano que vén cun aforro anual estimado de máis de 63.000 euros***
- ***A Vicepresidencia da Xunta é a responsable do mantemento das infraestruturas xudiciais e dos complexos administrativos***
- ***Grazas a este programa de renovación dos equipamentos térmicos benefíciense tanto os empregados públicos coma os usuarios destes edificios***
- ***Nos edificios xudiciais de Ortigueira, Mondoñedo, Marín e Xinzo de Limia investiranse algo máis de 160.000 euros, que producirán un aforro de máis de 8.500 euros en gasóleo***
- ***As actuacións enmárcanse na Estratexia Integral de Impulso da Biomasa 2014-2020, con que o Goberno galego está a impulsar o emprego dun combustible autóctono, barato e menos contaminante***
- ***Adicionalmente, no período 2015-2020 prevense executar 10,5 millóns de euros en medidas de aforro e eficiencia enerxética nos edificios administrativos e xudiciais da Xunta de Galicia***

O Consello da Xunta informou hoxe sobre as medidas de eficiencia enerxética que vai pór en marcha o Goberno galego nos edificios administrativos e xudiciais da Xunta de Galicia, en que mantén a aposta polo uso da biomasa como combustible, e que suporá un aforro de máis de 63.000 euros coa instalación do *district heating* no Complexo Administrativo de San Caetano, e máis de 13.000 euros coa renovación das caldeiras en 4 xulgados galegos e no Edificio Administrativo do Barco de Valdeorras.

O Goberno galego puxo en marcha o ano pasado a Estratexia Integral de Impulso da Biomasa 2014-2020 que fomenta o uso da biomasa por tratarse dun combustible autóctono, menos contaminante e que permite colaborar no desenvolvemento do tecido empresarial de Galicia e na redución dos riscos de incendios forestais, ademais de activar a industria asociada á valorización enerxética da biomasa que comprende a transformación e distribución da biomasa e a instalación de caldeiras en fogares, empresas e administracións públicas.

A Vicepresidencia da Xunta é a responsable do mantemento das infraestruturas xudiciais e dos complexos administrativos polo que, no exercicio desta competencia, promove a substitución daqueles equipamentos térmicos que empregan combustibles fósiles ineficientes e altamente contaminantes por novas fontes de enerxía. Deste modo, a Vicepresidencia está levando a cabo un programa de impulso de renovación destes equipamentos térmicos, renovando caldeiras antigas e menos eficientes por novas caldeiras máis modernas, beneficiando tanto os empregados públicos coma os usuarios dos edificios públicos



Durante este ano, no Complexo de San Caetano instalárase un *district heating*, rede de distribución de enerxía, que proporciona auga quente e calefacción a todos os edificios do Complexo conectados cunha sala de caldeiras por tubaxes. Grazas a este cambio de combustible para o funcionamento da calefacción en San Caetano estimábase un aforro anual estimado de máis de 63.000 euros. Prevese que no primeiro trimestre de 2016 estea en funcionamento o *district heating* de San Caetano, sen ningún tipo de gasto para a Administración.

No novo documento para a contratación do servizo de mantemento dos edificios administrativos, que está previsto que comece o 1 de xuño, xa se inclúe como prestación do adxudicatario a subministración de combustible para os equipamentos térmicos do Complexo Administrativo de San Caetano.

Edificios xudiciais

No ano 2014 iniciouse unha experiencia piloto coa renovación de cinco equipamentos térmicos nas sede xudiciais de Becerreá, Chantada, Pobra de Trives, Ribeira e Tui. As actuacións nestes cinco xulgados supuxeron un investimento de preto de 200.000 euros cun aforro anual estimado de máis de 20.000 euros.

Para o ano 2015 está prevista a renovación de catro novos equipamentos térmicos nos edificios xudiciais de Ortigueira, Mondoñedo, Marín e Xinzo de Limia e no Edificio Administrativo do Barco de Valdeorras. Os criterios seguidos para priorizar a renovación nestes edificios xudiciais foron o estado e antigüidade da instalación, así como as obras necesarias para realizar o cambio de caldeiras. Estas actuacións implican un investimento de máis de 220.000 euros, que producirán un aforro estimado ás arcas galegas de 13.500 euros.

Perspectivas de futuro

A dotación do Feder asignado á Vicepresidencia no período 2014-2020 en materia de eficiencia enerxética, xunto co financiamento propio, comportará a execución de actuacións por importe de 12,5 millóns de euros que permitirá que, unha vez realizadas todas as medidas, se reduza a produción de enerxía en case 3 millóns de kWh ao ano.

No marco deste programa, daráselle un impulso á instalación de caldeiras de biomasa en diversos edificios da Administración Autonómica por valor de 2 millóns de euros. Así, proxéctase cambiar os equipamentos térmicos na Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, Secretaría Xeral de Montes, Secretaría Xeral para o Deporte, Edificio Administrativo da Coruña, Academia Galega de Seguridade Pública. Ademais, están incluídas nesta previsión os seguintes xulgados: Arzúa, Negreira, Ordes, Celanova, O Carballiño, Santiago de Compostela, Pontevedra, Verín e Vigo.



Adicionalmente, no período 2015-2020 prevense executar 10,5 millóns de euros en medidas de aforro e eficiencia enerxética nos edificios administrativos e xudiciais da Xunta de Galicia.



A CONSELLERÍA DE SANIDADE VÉN DE ADHERIRSE AO PROXECTO *MENORES NIN UNHA GOTTA. MÁIS DE CEN RAZÓNS PARA QUE UN MENOR NON BEBA ALCOHOL*

A Consellería de Sanidade vén de adherirse ao proxecto “Menores nin unha gota. Máis de cen razóns para que un menor non beba alcohol”, que promove a Federación Española de Bebidas Espirituosas. Así o comunicou hoxe ao Consello da Xunta a titular da carteira sanitaria do Executivo galego, Rocío Mosquera.

Trátase dun proxecto específico que conta co apoio do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e a Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas. O obxectivo da campaña é informar e sensibilizar a sociedade para previr o consumo de alcohol en menores, tratando de atrasar a idade de inicio ao consumo e incrementando a percepción de risco que o consumo prematuro ten para a saúde e o desenvolvemento dos menores.

Idade media de inicio aos 14 anos

No informe abordado hoxe no Consello destaca que os últimos datos revelan que máis do 82% dos menores entre 14 e 18 anos recoñecen ter consumido alcohol nalgún momento, cunha idade media de inicio arredor dos 14 anos. Estes datos son relativos á enquisa ESTUDES de consumo de uso de drogas que desenvolve a Delegación do Goberno para o Plan nacional sobre drogas, e sobre a que, dende a Consellería de Sanidade, ampliouse o tamaño mostral ata os 2.022 alumnos para ter unha imaxe clara da situación en Galicia.

Accións que se van desenvolver

O compromiso da Consellería de Sanidade mediante a súa adhesión a este proxecto é desenvolver accións específicas que deben lograr a implicación de colectivos e celebridades locais, así, Sanidade procurará o apoio de personalidades ou institucións coñecidas que poidan deixar o seu testemuño audiovisual na web da campaña. Tamén se compromete a Administración sanitaria a promover accións coa hostalaría de distribución de materiais co lema “Eu non vendo alcohol a menores”.

Ademais, a Consellería de Sanidade dará difusión ás actividades comprendidas na campaña promovendo a máxima divulgación das diferentes accións que se poñan en marcha ao longo da campaña, con especial atención á difusión de materiais dirixidos a pais e nais, ou difusión de actividades de información e prevención, incluíndo a promoción de ocio alternativo e diferentes concursos que buscan a implicación e participación dos menores na campaña ao longo dos vindeiros 18 meses de duración desta iniciativa.

